

RESOLUCIÓN CONXUNTA DA XERENCIA E A VICERREITORÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA QUE SE SUSPENDE PARA O EXERCICIO 2021 A NON DEDUCIÓN DO IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO VINCULADO Á INVESTIGACIÓN

Antecedentes

No Claustro Universitario do día 22 de decembro de 2020, entre outros asuntos, presentáronse as liñas xerais orzamentarias do exercicio 2021 e se informou da situación actual do imposto sobre o valor engadido (IVE) e dos procedemento xudiciais en curso polas contías reclamadas pola UDC, vinculadas as deducións do IVE de investigación. O 5/1/2021 o Xerente e o Vicerreitor de Vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica ditaron resolución co seguinte tenor literal:

- Non deducir, no exercicio 2021, o IVE soportado nos gastos vinculados ao programa 541A “Investigación”.
- Non liberar das aplicacións orzamentarias a contía que corresponda ao IVE vinculado á investigación, programa 541A.

Dende a data da publicación da Resolución analizáronse co Vicerreitorado de Política Científica, Investigación e Transferencia e con investigadores da UDC, tanto a situación actual do IVE, como a incidencia nos proxectos europeos e estatais da non aplicación da prorrata do 100%. A non dedución do IVE ten unha repercusión directa na xestión orzamentaria dos proxectos minorando na práctica, nun 21% o orzamento do que dispoñen. Hai que ter en conta, para os proxectos en execución, que foron autorizados considerando que o IVE non era un gasto elixible. Por esta razón, as facturas repercutíanse polo importe da base impositiva. Nestas condicións aprobáronse os proxectos e os seus orzamentos. Estes orzamentos son o instrumento para a consecución dos obxectivos científico técnicos que deben acadarse. Na xustificación económica e científico técnica acreditarase que se executou o proxecto nas condicións aprobadas, cumpríndose co obxecto da investigación. Ademais dos proxectos en execución neste momento a UDC formalizou outras solicitudes para obter axudas en materia de investigación. Estas solicitudes están formuladas considerando que unha dedución do 100% do IVE.

Ante a problemática actual do IVE, ademais da situación dos proxectos, tamén hai que considerar o criterio que ven aplicando a AEAT, diferenciando entre investigación básica, sen dereito a dedución de IVE e investigación aplicada, na que

Código Seguro De Verificación	eoROMx0yw1DyEXzIEiEZyg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Domingo Javier Calvo Dopico - Vicerr. de Economía e Planificación Estratéxica	Asinado	26/01/2021 12:52:34
	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	26/01/2021 12:38:20
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/eoROMx0yw1DyEXzIEiEZyg==		



admite unha dedución do 100%. Para garantir a recuperación do IVE é fundamental poder vincular os financiamentos recibidos e a execución xeral do programa 541A “Investigación”, coa investigación aplicada, cunha repercusión concreta e inmediata na sociedade.

Como consecuencia do anterior, e consonte coas atribucións que recollen os artigos 3 e 7, da Resolución reitoral do 14/01/2020, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos o xerente e o vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica,

RESOLVEN

- Suspender, para o exercicio 2021, a non dedución do IVE soportado nos gastos vinculados ao programa 541A “Investigación”. O IVE deducido declararase a AEAT para a súa devolución a Universidade.
- Dar traslado ao persoal da UDC que durante o exercicio 2021 continuará liberándose das aplicacións orzamentarias a contía que corresponda ao IVE vinculado á investigación, programa 541A.
- Comunicar que quedou constituído un grupo de traballo en relación ao tratamento do IVE e o requirimento da AEAT de vinculación da prorrata do 100% coa investigación aplicada.
- Comunicar que ao longo dos próximos meses dítaranse resolucións en relación ao establecemento de distintas prorratas de IVE vinculadas a diferentes programas de gasto, en función da natureza dos gastos.
- Dar traslado desta resolución e da situación do IVE na próxima reunión da Comisión de Asuntos Económicos delegada do Consello de Goberno.

Esta resolución publicarase na Sede Electrónica da UDC e terá efectos desde o día da súa publicación.

Asinado dixitalmente polo xerente e o vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica

Páxina 2 de 2

Código Seguro De Verificación	eoROMx0yw1DyEXzIEiEZyg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Domingo Javier Calvo Dopico - Vicerr. de Economía e Planificación Estratéxica	Asinado	26/01/2021 12:52:34
	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	26/01/2021 12:38:20
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/eoROMx0yw1DyEXzIEiEZyg==		

